


Proxecto NEA - New Energy Age

Convocatoria de Bolsas para prácticas profesionais no estranxeiro



Finalidade da bolsa

As bolsas pretenden contribuír á formación dos/as mozas traballadores/as e titulados/as recentes de Galiza nun contexto europeo, axudando á realización de prácticas en empresas doutros países mediante o financiamento de estadias de 12 (doce) semanas de duración. De igual xeito, preténdese favorecer o fortalecemento empresarial da rexión e a consolidación da rede de relacións con empresas europeas.

Requisitos de Admisión

- Persoas no mercado de traballo ou estudantes dalgunha das especialidades que se citan a seguir
- Titulados/as universitarios recentes ou de ciclos de grao superior que teñan unha das seguintes titulacións, ou persoas que as estean estudando: Enxeñeiro Industrial, Enxeñeiro de Telecomunicación, Enxeñeiro de Materiais, Enxeñeiro en Automática e Electrónica, Enxeñeiro de Organización Industrial, técnicos e especialistas en montaxe e composición, profesionais, e técnicos sobre enerxías renovables e eficiencia enerxética, ou outras titulacións que certifiquen o coñecemento do sector
- Alumnos de FP

Familia de Mantemento e Servizos á Producción:

-ciclo superior: Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións de Flúidos, Térmicas e de Manutención.

Familia de Electricidade e Electrónica:

-ciclo superior: Instalacións Electrotécnicas

Documentos que hai que presentar:

- Formulario de solicitude con fotografía
- Ficha técnica do/a candidato/a
- Currículum vitae en galego ou castelán e no idioma ou idiomas dos países aos que se opta por orde de preferencia
- Nota do expediente académico e/ou outros documentos acreditativos
- 4 fotos tamaño carné
- Copia do DNI e da Tarxeta Sanitaria Europea

Contidos da bolsa:

Gastos de viaxe de ida e volta á cidade de destino até un máximo de 200 euros, aloxamento durante as 12 semanas, curso de adaptación á lingua do país de destino, manutención, programa formativo, practica en empresa, titorización e seguro privado

Admisión de solicitude:

Até o 15 de Abril do 2009

O formulario de solicitude e todos os documentos necesarios estarán dispoñibles na páxina web da Asociación Cultural Ingalia: www.ingalicia.org e na da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade: www.xuventude.net

As solicitudes deberan ser enviadas a:

Asociación Cultural Ingalia

R/Arcadio Vilela Garate N^o 2 Baixo D

15011 - A Coruña Tlf: 981 266715

www.ingalicia.org - leonardo@ingalicia.org

Este proxecto foi cofinanciado por



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidariedade

DESTINOS
ALEMAÑA - ITALIA - PORTUGAL

